

# Ramón Nicolás e Begoña Caamaño gañan os premios AELG de ensaio e narrativa

Redacción | @prazapublica

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) celebrou este sábado a súa Gala das Letras, na que volveu entregar os premios ás mellores obras publicadas durante o último ano logo da elección dos gañadores realizada polos 420 socios da agrupación.

*Morgana en Esmelle*, de Begoña Caamaño, recibiu o premio á mellor obra narrativa. **Un novo premio para o segundo libro da autora, tras os da Asociación Galega de Editores, o Premio da Crítica Española e o Losada Díeguez.** Ademais, o Caderno da Crítica, de Ramón Nicolás, foi elixido como o mellor blog literario. O autor tamén foi o gañador na categoría de ensaio por *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*.

En canto ao **galardón do xornalismo cultural, a premiada foi Ana Romaní**, en recoñecemento á súa traxectoria na radio desde o Diario Cultural da emisora pública e que leva emitindo desde 1990. No de tradución, Darío Xohán Cabana por *Cancioneiro, seguido das Rimas dispersas*, de Petrarca. *Banqueiros*, de Edicións Laiovento, foi o distinguido no apartado de teatro.

Por outra banda, no apartado de poesía, o premio foi ex aequo para *Os ángulos da brasa*, de Manuel Álvarez Torneiro, e *Boca da cobra*, de Francisco Salinas Portugal, mentres que como mellor obra de literatura infanto-xuvenil foi escollida *O corazón de Xúpiter*, de Leticia Costas.

Tamén se concedeu por primeira vez o galardón Mestres e Mestras da Memoria, un recoñecemento que foi para Manuela Cortizo Medal e Ángel Rivas Veiga pola súa "dedicación exemplar á transmisión oral dos saberes e valores da nosa cultura popular tradicional", segundo xustificou o xurado.

Os humoristas gráficos **Siro López, Xaquín Marín, Pepe Carreiro, O Carrabouxo**

**e Gogue levaron a distinción Bos e Xenerosos**, mentres que Lúdia Jorge recibía a súa distinción de Escritora Galega Universal. Por último, as asociacións culturais que naceron nos anos 60 e 70 e que continúan vivas foron merecedoras do Premio Institucións por contribuír á divulgación da lingua e a cultura